



Prezadas familias:

A Dirección e o Departamento de Orientación do IES do Milladoiro infórmanvos de que o alumnado de 1º de ESO presentará o traballo realizado no Obradoiro “Coñece a nosa cultura”, dentro do Programa Aleida de IGAXES3, nas horas de titoría.

Consideramos que a vosa presenza nesta presentación é importante e por iso vos convidamos nas datas e horas sinaladas a continuación, na táboa que indica as horas de titoría. As presentacións realizaranse no salón de actos do IES do Milladoiro.

Nesta actividade, enmarcada dentro do PAT (plan de acción titorial), participou o alumnado de 3º da ESO, en dúas sesións de titoría, para apoiar os seus compañeiros/as na presentación de ditos traballos. Esta actividade de apoio forma parte das actividades cooperativas a realizar, dentro do Programa TEI (Titoría entre Iguais), entre o alumnado de 1º e 3º para fomentar o encontro e convivencia entre titorandos/as (1º ESO) e titores/as (3º ESO).

DÍA E HORA	GRUPOS
Mércores 21 de decembro ás 10:50 horas	1º A da ESO
Mércores 14 de decembro ás 13:40 horas	1º B da ESO
Venres 16 de decembro ás 8:50 horas	1º C da ESO
Mércores 21 de decembro ás 11:40 horas	1º D da ESO

O Milladoiro, 09 de decembro de 2016.